

# MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**5650** *REAL DECRETO 428/2004, do 12 de marzo, polo que se modifica o Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro. («BOE» 77, do 30-3-2004.)*

O punto 1 da disposición adicional trixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, introducida polo artigo 40.cuatro da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece que os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos poderán mellorar de forma voluntaria a acción protectora que lles dispensa o dito réxime, incorporando a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sempre que os interesados, previa ou simultaneamente, optasen por incluír, dentro do dito ámbito, a prestación económica por incapacidade temporal. Pola súa parte, o punto 3 da referida disposición establece que a cobertura das continxencias profesionais de tales traballadores se levará a cabo coa mesma entidade xestora ou colaboradora coa que se formalizase a cobertura da incapacidade temporal.

O Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, polo que se regula a cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, e a ampliación da prestación por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia, procedeu ao oportuno desenvolvemento regulamentario da referida disposición adicional, tanto en materia de prestacións como en relación co réxime xurídico das opcións que ao respecto poidan formular os interesados e cos aspectos relativos á cotización polas expresadas continxencias.

Consecuentemente, resulta necesario proceder á modificación do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, co fin de regular o réxime xurídico da xestión polas ditas entidades da cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no expresado réxime, que exerzan a referida opción nos termos sinalados nos preceptos antes citados.

Para tal efecto, este real decreto modifica o referido regulamento, incorporando a regulación correspondente á forma en que os traballadores interesados poidan establecer o correspondente vínculo obrigacional coas mutuas para a xestión da dita cobertura e o alcance deste, así como a relativa ao réxime xurídico, administrativo, financeiro e contable da actividade. Así mesmo, complétase a regulación da xestión desenvolvida por tales entidades respecto da cobertura das continxencias profesionais, incorporando ao indicado regulamento o tratamento dos aspectos antes sinalados en relación cos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Por outro lado, o parágrafo segundo do artigo 1 da Lei 28/2003, do 29 de setembro, reguladora do Fondo

de Reserva da Seguridade Social, establece que o exceso de excedentes derivado da xestión por parte das mutuas da prestación de incapacidade temporal por continxencias comúns, determinado de conformidade coas súas normas reguladoras, destinarase a dotar o dito fondo. En consecuencia, incorpórase a adecuación correspondente ao tratamento do referido aspecto.

Finalmente, a experiencia acumulada na aplicación do regulamento antes citado veu pór de manifesto a necesidade de regular con meirande detalle determinados aspectos. En tal sentido, mediante esta modificación delimitábase a tramitación aplicable á disolución e liquidación de instalacións e servizos mancomunados, á creación, modificación e supresión dos servizos preventivos, así como aos supostos de adscrición e desadscrición de bens inmobles a prol doutra mutua e de entidades xestoras ou servizos comúns da Seguridade Social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de marzo de 2004,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.*

Modifícase o regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, nos seguintes termos:

Un. O artigo 1 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1. *Normas reguladoras.*

A colaboración na xestión da Seguridade Social atribuída no punto 1 do artigo 67 e nas disposicións adicionais undécima e trixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social (en diante, mutuas), rexeráse polas normas deste regulamento e as súas disposicións de aplicación e desenvolvemento, sen prexuízo de aterse ás restantes normas da referida lei e ás disposicións legais ou regulamentarias que lle sexan aplicables.»

Dous. Incorpóranse dous novos parágrafos, terceiro e cuarto, ao punto 1 do artigo 2, coa seguinte redacción:

«De igual forma, de conformidade co establecido na disposición adicional trixésimo cuarta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, poderán asumir a protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos respecto dos que, previa ou simultaneamente, asuman a xestión do subsidio por incapacidade temporal en virtude do previsto no parágrafo anterior, e que optasen por mellorar a acción protectora que o dito réxime lles dispensa, incorporando a cobertura correspondente ás continxencias profesionais.

Así mesmo poderán asumir a protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades

profesionais dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, de conformidade co establecido no punto 2 do artigo 46 e no punto 4 do artigo 48 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.»

Tres. Incorpórase un novo parágrafo cuarto ao punto 2 do artigo 12, coa seguinte redacción:

«A disolución e liquidación das referidas instalacións e servizos mancomunados axustaranse ao establecido no capítulo V do título I no que non resulte incompatible coa súa natureza e características.»

Catro. O artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 13. *Servizos preventivos.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social poderán dispensar servizos para a prevención dos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais a prol das empresas asociadas e dos seus traballadores dependentes e dos traballadores por conta propia adheridos que teñan cubertas as continxencias citadas, nos termos e condicións establecidos no artigo 68.2.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Así mesmo poderán establecer centros e instalacións para a dispensación dos referidos servizos preventivos. A súa creación, modificación e supresión requirirá autorización previa do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e será de aplicación o establecido nos artigos 26 a 29 deste regulamento. No suposto de que tales centros e instalacións se destinen ao desenvolvemento da súa actividade como servizo de prevención alleo das empresas asociadas, na instrución do expediente solicitarase informe previo do servizo público competente no ámbito territorial correspondente, que será preceptivo e determinante.»

Cinco. O punto 3 do artigo 24 queda redactado nos seguintes termos:

«3. Non obstante o disposto no punto anterior, da cifra dos ingresos totais do exercicio deducíranse os ingresos correspondentes, se é o caso, á xestión da prestación económica de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns dos traballadores ao servizo das súas empresas asociadas e dos traballadores por conta propia adheridos conforme establece o artigo 79.1. O límite máximo de gastos de administración correspondente a esta xestión en cada exercicio será o que así mesmo establece o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.»

Seis. Engádese un novo parágrafo terceiro ao punto 2 do artigo 29, nos termos seguintes:

«Non obstante o establecido no parágrafo anterior, nos supostos nos que a adscrición ou desadscrición do inmovible impliquen a creación, modificación, traslado ou supresión de servizos ou instalacións sanitarias, recuperadoras ou preventivas, para a concesión, se é o caso, da conformidade

do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, será de aplicación o establecido nos artigos 12.1 e 13 deste regulamento.»

Sete. Dáselle nova redacción ao punto 3 do artigo 29, nos seguintes termos:

«3. O disposto no punto anterior será tamén de aplicación cando o cambio de adscrición se realice a prol das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social. Nestes supostos, con carácter previo á concesión da conformidade por parte do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a Tesourería Xeral da Seguridade Social establecerá o valor da compensación logo de audiencia da mutua e conforme os prezos de mercado.»

Oito. A rúbrica do capítulo I do título II queda redactada como segue:

«Xestión da protección respecto ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais do persoal ao servizo dos empresarios asociados.»

Nove. Adiciónase un novo parágrafo segundo ao punto 2 do artigo 61, coa seguinte redacción:

«2. Corresponde á mutua de que se trate a expedición dos partes médicos de baixa, confirmación de baixa e alta, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción, nos procesos de incapacidade temporal derivados das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais correspondentes aos traballadores dependentes das empresas asociadas comprendidos no ámbito da xestión da mutua, logo de determinación da continxencia causante e nos termos establecidos na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social aplicable. Así mesmo, correspóndelle acordar as sucesivas baixas, confirmación de baixa e alta, expedidas nos procesos orixinados polas mesmas patoloxías que causaron procesos derivados das indicadas continxencias correspondentes aos ditos traballadores, nos termos e co alcance antes mencionados, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción.»

Dez. A rúbrica do capítulo II do título II queda redactada como segue:

«Xestión da prestación económica de incapacidade temporal por continxencias comúns do persoal ao servizo dos empresarios asociados.»

Once. Engádese un novo parágrafo 2.º ao artigo 73.2.a) coa seguinte redacción, quedando o actual como parágrafo 3.º:

«2.º Os ingresos que resulten dos acordos e convenios a que se refire o artigo 83.2, pola realización das actividades previstas no artigo 82.»

Doce. O inciso 1.º do artigo 73.2.b) queda redactado nos seguintes termos:

«1.º O custo das actuacións de control e seguimento da prestación económica e da situación de incapacidade temporal por continxencias comúns e das actuacións a que se refire o artigo 82.»

Trece. O parágrafo terceiro do punto 3 do artigo 73 queda redactado como segue:

«Igualmente, cando a reserva de estabilización de incapacidade temporal por contingencias comúns se encontre dotada na súa contía máxima, os resultados positivos que se derivan desta xestión destinaranse á dotación da provisión e reservas previstas no artigo 65 deste regulamento, sempre que estas non puidesen ser cubertas na súa contía máxima mediante a aplicación dos resultados producidos na xestión das contingencias profesionais. O excedente que resulte despois da súa aplicación, se é o caso, segundo o establecido anteriormente, destinarase a dotar o Fondo de Reserva da Seguridade Social previsto no artigo 91.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, debendo ingresarse na Tesourería Xeral da Seguridade Social, no prazo fixado no parágrafo primeiro do artigo 66.1 deste regulamento.»

Catorce. O parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 75 queda redactado nos seguintes termos:

«1. A relación do traballador coa mutua formalizárase mediante a subscripción do correspondente "documento de adhesión" no suposto dos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, e dun anexo ao "documento de adhesión" previsto no artigo 86.1 no caso dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, que terán un prazo de vixencia dun ano natural, entendéndose prorrogado tacitamente polo mesmo período, salvo denuncia expresa formulada polo interesado e debidamente notificada, antes do 1 de outubro do exercicio anterior ao que teña que producir efectos a adhesión a outra entidade ou a renuncia á cobertura, e sempre que o interesado, na data de solicitude do cambio de entidade, non se encontre en baixa por incapacidade temporal. Neste último suposto, manterase a opción realizada con anterioridade, que poderá modificarse antes do día 1 de outubro do exercicio seguinte e con efectos do 1 de xaneiro posterior, sempre que no momento de formular a nova solicitude o interesado se encontra en alta.»

Quince. Os puntos 2 e 3 do artigo 75 quedan redactados nos seguintes termos:

«2. No documento de adhesión e anexo previstos no punto 1 anterior, recolleranse os dereitos e deberes do interesado e da mutua, así como a data e hora en que nazan e se extingan os seus efectos. Así mesmo deberán expresar necesariamente o nome e apelidos do traballador, a denominación ou razón social, se é o caso, o seu domicilio e actividade, así como o réxime e número de afiliación á Seguridade Social.

3. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais establecerá os correspondentes modelos de "documento de adhesión" e de anexo previstos nos puntos anteriores.»

Dezaseis. O parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 76 queda redactado nos seguintes termos:

«As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social deberán asumir a cobertura das prestacións económicas a favor dos traballadores por conta propia adheridos

a aquelas en situación de incapacidade temporal, con igual alcance que as entidades xestoras da Seguridade Social, con suxeición ao establecido no capítulo II do Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, polo que se regula cobertura das contingencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, e a ampliación da prestación por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia, e demais normativa de aplicación, coas particularidades recollidas neste regulamento.»

Dezasete. O punto 1 do artigo 77 queda redactado nos seguintes termos:

«1. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social levarán un rexistro de traballadores por conta propia adheridos, no que figurarán numerados correlativamente por datas de adhesión, e que conterá os datos a que se refire o artigo 75.2.»

Dezaoito. O punto 2 do artigo 78 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Especificamente, os traballadores por conta propia que se encontren en incapacidade temporal virán obrigados a presentar ante a correspondente mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social a declaración a que se refire o parágrafo segundo do artigo 12 do Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, nos termos e cos efectos previstos neste.»

Dezanove. O artigo 79 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 79.

1. Os ingresos e gastos das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social derivados da colaboración na xestión das prestacións económicas de incapacidade temporal a favor dos traballadores por conta propia adheridos integranse para todos os efectos cos demais ingresos e gastos obtidos e realizados por estas entidades na xestión da referida prestación establecidos no artigo 73.2. Neste sentido, será de aplicación aos gastos de administración derivados desta xestión o establecido no punto 3 do artigo 24.

Tendo en conta a integración de resultados que se establece no parágrafo anterior, as cotizacións percibidas incluíranse na base de cálculo do importe anual da reserva de estabilización que se establece no punto 3 do artigo 73. Así mesmo será de aplicación o previsto no dito punto respecto do destino do exceso de excedentes resultante, nos termos establecidos nel.

2. As mutuas facilitarán ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, coa periodicidade e nos termos que este estableza, os datos económicos e demais información relativa á modalidade de colaboración na xestión regulada neste capítulo.»

Vinte. Modifícase o parágrafo segundo e añópanse dous novos parágrafos terceiro e cuarto ao punto 1 do artigo 80, coa seguinte redacción:

«Corresponde ás mutuas a función de declaración do dereito ao subsidio, así como as da súa denegación, suspensión, anulación e declaración

de extinción nos procesos de incapacidade temporal correspondentes a traballadores dependentes de empresas asociadas e dos traballadores por conta propia adheridos.

A declaración do dereito á prestación económica e o seu mantemento efectuarase logo de determinación da continxencia pola mutua e comprobación de todos os feitos e condicións establecidos no artigo 128 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 130 da mesma lei, así como dos específicos establecidos para esta prestación nos distintos réximes especiais que regulan o acceso ao dereito dos traballadores por conta propia, sen prexuízo do control sanitario das altas e as baixas médicas por parte dos servizos públicos de saúde nos termos e co alcance establecidos no Real decreto 575/1997, do 18 de abril.

Así mesmo as mutuas asumirán o custo do subsidio de incapacidade temporal, o da xestión administrativa que realicen en relación con estas prestacións e das actuacións de control e seguimento da prestación económica e da situación de incapacidade temporal, así como o das actuacións a que se refire o artigo 82.»

Vinte e un. Incorpórase un novo capítulo V ao título II, coa seguinte redacción:

#### «CAPÍTULO V

#### **Xestión da protección respecto das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores por conta propia**

##### Artigo 85. *Exercicio da opción.*

1. De conformidade co establecido no punto 2 do artigo 46 e no punto 4 do artigo 48 do regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar poderán optar por formalizar a xestión da cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

A dita opción deberá ser aceptada obrigatoriamente pola mutua. A falta de pagamento de cotizacións á Seguridade Social non poderá dar lugar á resolución da relación de adhesión resultante, sen prexuízo do establecido respecto das condicións de acceso ás prestacións na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social de que se trate.

A adhesión terá un prazo de vixencia dun ano, debendo coincidir en todo caso o seu vencemento co último día do mes, e entenderase prorrogada tacitamente por períodos anuais, salvo denuncia en contrario do traballador por conta propia, debidamente notificada cun mes de antelación, como mínimo, á data de vencemento.

2. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos que, segundo o establecido nos

artigos 74 e 75 e demais disposicións de aplicación, formalicen ou teñan formalizada cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social a xestión da prestación económica por incapacidade temporal, poderán optar por acollerse á protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, nos termos establecidos no punto 3 do artigo 47 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado por Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro; nese caso, deberán formalizar a dita protección coa mesma mutua.

A dita opción deberá ser aceptada obrigatoriamente pola mutua. A falta de pagamento de cotizacións á Seguridade Social non poderá dar lugar á resolución da relación de adhesión resultante, sen prexuízo do establecido respecto das condicións de acceso ás prestacións no artigo 5 do Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, polo que se regula a cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, e a ampliación da prestación por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia.

A opción deberá ser realizada polo traballador no momento de formalizar o documento de adhesión coa mutua, indo unida á vixencia del, de modo que, conforme o establecido no artigo 75, terá un prazo de vixencia dun ano natural, prorrogable tacitamente polo mesmo período.

Non obstante, poderá renunciar á dita protección na forma, prazo e demais condicións, e cos efectos establecidos no punto 3 do artigo 47 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado por Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, sen que iso implique alterar os seus restantes dereitos e obrigas como adherido. Realizada esta renuncia, o traballador poderase acoller novamente á protección na forma, prazos e demais condicións e cos efectos establecidos no referido punto, caso en que a deberá formalizar coa mutua con que teña formalizada ou formalice a xestión da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

##### Artigo 86. *Formalización.*

1. A relación do traballador por conta propia coa mutua, resultante do exercicio da opción a que se refire o punto 1 do artigo anterior, formalizarase mediante a subscrición do correspondente "documento de adhesión", no que se recollerán os dereitos e obrigas de traballador por conta propia e da mutua, así como a data e hora en que nazan e se extingan os seus efectos.

2. A opción a que se refire o punto 2 do artigo anterior formalizarase nun anexo ao "documento de adhesión" para a xestión da prestación económica por incapacidade temporal, establecido no artigo 75.1, no que se recollerán os dereitos e obrigas do traballador e da mutua, así como a data e hora en que nazan e se extingan os seus efectos.

3. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais establecerá os correspondentes modelos de "do-

cumento de adhesión" e de anexo previstos no punto anterior.

#### Artigo 87. *Réxime da cobertura.*

1. A formalización da protección mediante a sinatura, segundo proceda en cada caso, do documento de adhesión e anexo previstos no artigo anterior será para ese único efecto, sen que por tal motivo o traballador por conta propia adquiera a condición de asociado da entidade, nin sexa tido en conta para efectos do establecido no artigo 9.2.

2. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social deberán asumir a xestión das prestacións correspondentes con suxeición ao establecido na normativa pola que se regule a cobertura das continxencias profesionais no réxime da Seguridade Social de que se trate, coas particularidades recollidas neste regulamento. Así mesmo dispensarán os traballadores por conta propia que formalizasen a dita protección servizos preventivos nos termos establecidos no parágrafo primeiro do artigo 13, así como os beneficios de asistencia social previstos no punto 1 do artigo 67, nos termos establecidos no dito artigo.

Correspóndelle á mutua de que se trate a expedición dos partes médicos de baixa, confirmación de baixa e alta, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción, nos procesos de incapacidade temporal derivados das referidas continxencias profesionais relativos aos traballadores por conta propia adheridos, logo de determinación da continxencia causante e nos termos establecidos na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social aplicable. Así mesmo, correspóndelle acordar as sucesivas baixas, confirmación de baixa e alta, expedidos nos procesos orixinados polas mesmas patoloxías que causaron procesos derivados das indicadas continxencias correspondentes aos ditos traballadores, nos termos e co alcance antes mencionados, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción.

3. O financiamento das funcións e actividades atribuídas ás mutuas en virtude do establecido no punto anterior efectuarase mediante a entrega a estas, a través da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do importe das cotizacións efectuadas polas referidas continxencias polas traballadores por conta propia afectados, de conformidade co establecido na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social en que estean encadrados, coas deducións que resulten aplicables e, especificamente, as derivadas do previsto na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, respecto da achega para o sostemento dos servizos comúns e sociais da Seguridade Social.

#### Artigo 88. *Rexistros.*

1. O rexistro de traballadores por conta propia adheridos a que se refire o artigo 77.1 deste regulamento conterá na súa estrutura un punto específico para cada un dos réximes da Seguridade Social a que se refire este capítulo, onde se consignen a opción ou opcións sucesivas, por parte dos traballadores inscritos nel, para a formalización da protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, debendo

especificarse a data da dita opción, a dos seus efectos, así como, se é o caso, a data de renuncia e as datas das sucesivas opcións e renuncias, así como as dos seus respectivos efectos.

2. De igual forma, o rexistro de continxencias de traballadores por conta propia adheridos previsto no artigo 77.2 conterá na súa estrutura un punto específico para cada un dos ditos réximes relativo ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores adheridos a que se refire o punto anterior, en que se farán constar ordenadamente os datos persoais e profesionais do traballador afectado, datas de baixa e alta médica, así como aqueles datos relativos á lesión producida que sexan relevantes.

#### Artigo 89. *Obrigas dos traballadores.*

1. O traballador por conta propia adherido deberá cumprir as obrigas que respecto a cotización, documentación, información e outras análogas se deriven das normas reguladoras da protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais no réxime da Seguridade Social aplicable, así como do disposto neste regulamento e demais normativa de aplicación.

2. Especificamente, os traballadores que se encontren en incapacidade temporal derivada das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais virán obrigados a presentar ante a correspondente mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social a declaración a que se refire o parágrafo segundo do artigo 12 do Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, nos termos e cos efectos previstos nel.

#### Artigo 90. *Réxime financeiro e contabilidade.*

1. Os ingresos e gastos das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social derivados da colaboración na xestión da protección das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos traballadores adheridos integraranse para todos os efectos cos demais ingresos e gastos obtidos e realizados por estas entidades na xestión das referidas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Neste sentido, será de aplicación aos gastos de administración derivados desta xestión o establecido nos puntos 1 e 2 do artigo 24.

As mutuas facilitarán ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, coa periodicidade e nos termos que este estableza, os datos económicos e demais información relativa á modalidade de colaboración na xestión regulada neste capítulo.

2. Tendo en conta a integración de resultados que se establece no punto anterior, as cotizacións percibidas incluíranse na base de cálculo dos importes das reservas de obrigas inmediatas e de estabilización que se establecen nos puntos 3 e 4 do artigo 65. Así mesmo será de aplicación o establecido no punto 2 do mesmo artigo respecto da provisión para continxencias en tramitación e no artigo 63 en canto ao réxime financeiro.»

Vinte e dous. O punto 2 da disposición adicional octava queda redactado nos seguintes termos:

«2. Así mesmo, sen prexuízo das atribucións conferidas ao citado ministerio, o límite máximo

de gastos de administración correspondente á xestión da prestación económica de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns dos traballadores ao servizo das súas empresas asociadas e dos traballadores por conta propia adheridos, a que se refiren o artigo 24.3, o artigo 73.2.b).2.º e o artigo 79.1, queda establecido no cinco por cento do importe das cotizacións obtidas pola mutua pola colaboración na referida xestión.»

**Disposición transitoria primeira.** *Prazo de formalización da xestión da cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

Os traballadores por conta propia ou autónomos que figuren en alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos o día 1 de xaneiro de 2004, e que na dita data tivesen formalizada a xestión da prestación económica por incapacidade temporal cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e que, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, opten pola cobertura das continxencias profesionais dentro dos dous meses seguintes á dita data, deberán formalizala coa mesma entidade, producindo efectos nos termos sinalados na referida disposición.

Para efectos do establecido no parágrafo anterior e no punto 2 do artigo 85 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, introducido polo artigo único.dezanove deste real decreto, e ata que o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobe o modelo de anexo ao "documento de adhesión" previsto no punto 3 do artigo 86 do regulamento, a relación de adhesión formalizarase en documento anexo ao "documento de adhesión" establecido no artigo 75.1 do dito regulamento, cuxo contido deberá axustarse ao establecido no punto 2 do artigo 86.

**Disposición transitoria segunda.** *Formalización da xestión da cobertura das continxencias profesionais dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.*

Para efectos do establecido no punto 1 do artigo 85 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, introducido polo artigo único.dezanove deste real decreto, e ata que o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobe o «documento de adhesión» previsto no punto 3 do artigo 86 do dito regulamento, a relación de adhesión para a xestión da cobertura entre o traballador por conta propia e a mutua correspondente formalizarase no mesmo modelo de documento que viñese utilizándose para tal efecto, no que deberá recollerse, en todo caso, os datos establecidos no punto 1 do artigo 86 do regulamento.

**Disposición transitoria terceira.** *Adaptación dos estatutos e rexistros.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social disporán de prazo ata

o 31 de decembro de 2004 para a adaptación dos seus estatutos ao previsto neste real decreto.

Así mesmo, no prazo de tres meses contados desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto, as mutuas deberán adecuar o rexistro de traballadores por conta propia adheridos, e o rexistro de continxencias de traballadores por conta propia, establecidos no artigo 77 do Regulamento xeral de colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, ao disposto no artigo 88 do referido regulamento, incorporado polo artigo único.dezanove deste real decreto.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto os puntos trece, dezanove, vinte e un e vinte e dous do artigo único, así como a disposición transitoria primeira, que terán efectos desde o día 1 de xaneiro de 2004.

Dado en Madrid o 12 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**5651** *ORDE APA/806/2004, do 24 de marzo, de corrección de erros da Orde APA/3660/2003, do 22 de decembro, pola que se regula en España o sistema de localización de buques pesqueiros vía satélite e pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición e instalación dos sistemas de localización nos buques pesqueiros. («BOE» 77, do 30-3-2004.)*

Advertidos erros na Orde APA/3660/2003, do 22 de decembro, pola que se regula en España o sistema de localización de buques pesqueiros vía satélite e pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para